



Área / Unidad SERVICIOS GENERALES DE CI CI1000 EBS.	Documento CI117I00FI	
Código de verificación  1J4M 4A4X 3Z4Z 446C 03TX	Expediente CI1/2023/20	
	Fecha 14-02-2023	

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DERIVADAS DO PROGRAMA BONO CULTURA 2023

E obxecto destas Bases a regulación da convocatoria específica das axudas do Concello da Coruña destinadas ao programa Bono Cultura para o exercicio 2023.

A dita convocatoria aprobase ao amparo das competencias que ten atribuídas este Concello en base ao artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (nomeadamente en canto á promoción da cultura) e en aplicación do artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), así como das normas de carácter regulamentario que a desenvolven (RD 887/2006, do 21 de xullo), e da Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar (BOP do 19 de febreiro de 2005).

En todo caso, a convocatoria axústase ao principios de publicidade, transparencia, concorrência, obxectividade, igualdade e non discriminación e de acordo coas seguintes CLÁUSULAS:

1. FINALIDADE

O programa Bono Cultura 2023 do Concello da Coruña ten como finalidade dinamizar e apoiar o sector cultural da cidade incentivando a compra de produtos ou servizos culturais por parte da cidadanía.

2. OBXECTO

O programa Bono Cultura 2023 ten por obxecto subvencionar a compra ou consumo de bens, produtos e servizos culturais por parte da cidadanía coruñesa, dirixidos a todas as idades, por medio da obtención dun bono cuxo valor económico será do 50% da base imponible do prezo a satisfacer polo produto ou servizo cultural consumido, en establecementos físicos, ou tamén a prestadores de servizos culturais adheridos á campaña 2023 e durante un período temporal concreto.

Os bonos poden ser trocados posteriormente en novas compras e consumos de produtos ou servizos culturais, ata o seu esgotamento.

Poderanse mercar bens, produtos ou servizos destinados a persoas de calquera idade. Iso con independencia de que a persoa usuaria do bono cultura deba ser obrigatoriamente unha persoa maior de 14 anos. Polo tanto, no caso de mercar bens ou servizos que vaian ser



aproveitados por menores de 14 anos, o bono debe ser descargado e utilizado polo pai, nai ou tutor/a.

Emitiranse dous tipos de bonos:

- Bonos dirixidos á matrícula ou inscrición en talleres, cursos ou actividades culturais.
- Bonos dirixidos á compra de produtos ou outro tipo de servizos culturais.

Cada persoa usuaria soamente poderá descargar un tipo de bono, de tal forma que terá que elixir entre as dúas categorías.

3. INSTRUMENTACIÓN TÉCNICA DO BONO CULTURA E DURACIÓN DO PROGRAMA

3.1 Os titulares dos establecementos e prestadores de bens e servizos culturais interesados en participar no programa Bono Cultura 2023 empregarán a aplicación tecnolóxica habilitada polo Concello da Coruña ao efecto de rexistrar a información solicitada na mesma. O rexistro implicará a aceptación da declaración responsable do cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e a súa normativa de desenvolvemento.

Debendo comprobar e validar a entidade colaboradora ou, subsidiariamente o Concello da Coruña, que as persoas físicas ou xurídicas adheridas ao programa están ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e que non teñen pendente de xustificación en subvencións prepagables nin de reintegro ningunha subvención co Concello da Coruña.

Esta comprobación poderá efectuarse con ocasión da adhesión ao programa ou ben ao efectuar o primeiro aboamento polos descontos practicados a cargo dos bono cultura, baixo a responsabilidade do titular do establecemento de non acadar a condición de beneficiario e non poder percibir o importe dos bonos aplicados.

En todo caso, o establecemento adherido ao programa Bono Cultura deberá cumprir coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de adherirse ao programa e durante toda a duración do mesmo.

De conformidade co artigo 28.2 da Lei 30/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Concello de Coruña solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado.

Os establecementos e prestadores de bens ou servizos poderanse adherir ao programa Bono Cultura 2023 durante o mes de marzo (do 1 ao 31 de marzo) ou ata que se esgote o crédito dispoñible destinado a esta convocatoria.

Unha vez dados de alta na web, os suxeitos prestadores de bens e servizos culturais adheridos ao programa Bono Cultura 2023 deberán descargar unha aplicación móbil subministrada polo Concello e radicada nas app store máis habituais do mercado, que rexistrará as vendas aboadas cos bonos facilitados aos consumidores de produtos e servizos culturais, facilitando a contabilización dos trocos dos bonos mediante a lectura dos códigos QR que levarán os bonos.



A descarga da app suporá a aceptación das condicións de uso da app e a política de protección de datos segundo a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

3.2 As persoas usuarias do Bono Cultura deberán ser maiores de 14 anos que cumpran co preceptuado no artigo 7 da Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos e garantía de dereitos dixitais e de acordo co artigo 1.263 do código civil.

A descarga de bonos por parte das persoas usuarias farase mediante unha App/Web do usuario facilitada pola entidade colaboradora á que se poderá acceder a través da web: www.coruna.gal/cultura.

O bono terá formato dixital a través dun código QR e estará dispoñible para a súa utilización a través de aplicacións de descarga gratuíta.

Opcionalmente, o bono poderase solicitar presencialmente nas oficinas que se determinen polo Concello da Coruña para obter un documento en papel do código QR.

A persoa interesada ou a súa representante, poderá autorizar expresamente nas oficinas de atención presencial a súa solicitude e obtención do bono en formato papel. Neste suposto, deberase acreditar a representación expresa por calquera medio válido en dereito que deixe constancia de tal circunstancia.

Coa alta poderase descargar o Bono Cultura que servirá como medio de pago do 50% da base imponible dos bens ou produtos culturais consumidos nos establecementos adheridos á campaña.

O importe da bonificación será de:

- **No caso de inscrición en cursos e/ou actividades** que teñan como finalidade adquirir coñecementos culturais, tales como talleres de arte, pintura, teatro, música, etc., o 50% do gasto bonificado coa presentación do bono non superará os **200 euros** sobre a base imponible do servizo ou servizos consumido/s e será necesario un gasto mínimo, igual ou superior a 50 euros (IVE incluído) antes da aplicación do desconto na base imponible. Permítese gastos de inscrición e matrícula en cursos e actividades. En todo caso, debe tratarse de ensinanza non regulada relacionada coa Cultura.

Permítese a matrícula e inscrición en cursos e actividades mensuais, trimestrais, etc, sempre e cando a vixencia do curso entre dentro das mensualidades do bono cultura. Permítese o pago único de todo ou parte do curso ou o pago mensual ata que se esgote o bono cultura.

- **No resto de servizos ou produtos**, o 50% do gasto bonificado coa presentación do bono non superará os **60 euros** sobre a base imponible do/s produto/s ou servizo/s consumidos e será necesario un gasto mínimo, igual ou maior de 10 euros (IVE incluído) antes da aplicación do desconto na base imponible, para poder presentar o Bono Cultura por cada compra.

As persoas titulares de establecementos e suxeitos prestadores de bens e servizos culturais, devengarán o imposto do valor engadido (IVE) polo prezo total, sen o desconto, de cada produto ou servizo consumido que será aboado integramente polo consumidor.

Poderán facerse sucesivos consumos de produtos, bens e servizos culturais ata chegar a consumir a totalidade do bono cultura descargado.



No caso de que o crédito orzamentario total da campaña se esgote antes de que os usuarios consuman os seus bonos non poderán esixir a súa eficacia ante as persoas titulares de establecementos ou suxeitos prestadores de servizos culturais. Para iso, a aplicación móbil (tecnolóxica) advertirá, aos participantes na campaña, do esgotamento dos fondos.

3.3 Os consumidores e consumidoras cando merquen ou contraten produtos culturais nos establecementos ou suxeitos prestadores da cidade da Coruña adheridos á campaña presentarán ao pagamento do Bono Cultura que descarguen. O dito bono levará un código QR que o lector móbil (tecnolóxico) de cada persoa titular de establecemento ou suxeito prestador, recoñecerá como medio de pago do 50% da base imponible do produto ou ben adquirido ou contratado, nos límites do parágrafo anterior.

3.4 As persoas titulares de establecementos, así como os suxeitos prestadores de servizos culturais, adheridos á campaña poderán, quincenalmente, trocar os pagamentos recibidos mediante bonos e rexistrados na aplicación móbil (tecnolóxica) da campaña, polas cantidades líquidas correspondentes presentando a documentación requirida nesta convocatoria ante a entidade colaboradora, a Fundación EMALCSA, que se encargará de verificar a efectividade dos bonos, coa documentación xustificativa indicada neste mesmo condicionado, e entregaralles os correspondentes importes aos establecementos e prestadores de bens e servizos culturais, do programa Bono Cultura.

3.5 Os bonos son persoais e intransferibles, e poderanse obter dende o día 15 de marzo ata o 31 de decembro de 2023, ou ben ata que se esgote o crédito orzamentario destinado a esta campaña.

3.6 O bono, unha vez descargado, terá un período de caducidade de 2 meses ou ben ata que se esgote o crédito destinado á campaña.

3.7 Os bonos consumidos deberán ser trocados e aboados pola entidade colaboradora, logo da previa xustificación das prestacións (ventas ou actividades realizadas), nos termos fixados nesta convocatoria ata un límite de 5.000 € por establecemento ou prestador de bens e servizos culturais. A fin de evitar que se supere o saldo máximo de financiamento dedicado ao bono cultura, aplicarse a determinación contida no último parágrafo do apartado 3.2 precedente, advertindo de tal circunstancia a aplicación móbil as persoas adheridas a esta campaña.

Os bonos non consumidos polos usuarios non terán valor efectivo e polo tanto non se poderán trocar por cartos.

3.8 A aplicación móbil da campaña permitirá que, as persoas titulares de establecementos e os prestadores de bens e servizos culturais, poidan ter un seguimento en tempo real dos bonos trocados; a entidade canalizadora destas axudas tamén poderá acceder a toda a información en tempo real sobre os movementos dos establecementos e sobre o número de bonos trocados por cada establecemento a través dunha páxina web.

Ademais establecerase un sistema de seguridade polo que se cruzarán os datos do DNI do usuario e o móbil para garantir que cada persoa só poida acceder aos bonos unha vez e anular os bonos cando cheguen ao máximo de bonificación establecido.



3.9 Prohíbese expresamente o autoconsumo de bonos, entendido este como o uso dos bonos polas persoas titulares ou persoas socias dos respectivos establecementos ou servizos culturais, e/ou familiares por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grado.

4. ENTIDADE COLABORADORA

A entrega e distribución dos fondos das axudas farase coa entidade colaboradora seleccionada polo Concello da Coruña.

A entidade colaboradora disporá de acceso a unha páxina web vencellada á app móbil sinalada na cláusula anterior que dará soporte e coñecemento tanto do troco de bonos como dos pagamentos polos produtos e servizos culturais consumidos, facendo así o seguimento dos bonos culturais empregados polas persoas consumidoras, e rexistrados ante os suxeitos prestadores de servizos propios da industria e actividades culturais (adheridos ao sistema) que percibirán os importes dos bonos utilizados en cadanseus produtos e actividades culturais.

5. CRÉDITO ORZAMENTARIO

5.1. O importe económico destinado directamente aos Bono Cultura para o exercicio 2023 é de 260.000 euros, gasto imputable á aplicación orzamentaria 10 334 47901 do orzamento municipal do ano 2023.

A aplicación contempla este importe cuxa aplicación se executará a través da entidade colaboradora.

Este crédito orzamentario é o límite do importe das axudas que se poden conceder.

5.2. De conformidade co disposto no artigo 58.2 do Regulamento xeral de subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), no caso de que este crédito fose incrementado como consecuencia dunha modificación orzamentaria, como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, esta contía adicional poderá aplicarse á concesión de axudas sen necesidade dunha nova convocatoria.

A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito e á aprobación do acordo de ampliación do crédito destinado a esta convocatoria por parte do órgano competente.

6. NATUREZA DAS AXUDAS E COMPATIBILIDADE

As axudas que se concedan no marco do programa Bono Cultura terán a consideración de subvencións ao consumo de produtos e servizos culturais.

Esas axudas son compatibles con outras axudas ou subvencións de entidades públicas e privadas para idéntico fin.



7. PERSOAS FÍSICAS E XURÍDICAS BENEFICIARIAS

7.1 Consideraranse persoas beneficiarias destas axudas as persoas físicas ou xurídicas titulares dos establecementos físicos ou virtuais, así como prestadores de servizos culturais, que se adhiran ao programa Bono Cultura promovido polo Concello da Coruña, e que cumpran os seguintes requisitos:

A) As persoas físicas traballadoras autónomas deberán estar dadas de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA), ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou en mutualidade de colexio profesional vencellado á actividade cultural, así como estar en situación de alta no termo municipal da Coruña nalgún destes epígrafes do IAE:

- Epígrafe 476.1, edición de libros.
- Epígrafe 476.2, edición de periódicos e revistas.
- Grupo 657 Comercio polo miúdo de instrumentos musicais en xeral, así como dos seus accesorios
- Epígrafe 659.1 Comercio polo miúdo de selos, moedas, medallas conmemorativas, billetes para coleccionistas, obras de arte e antigüidades, minerais soltos ou en coleccións, fósiles, insectos, cunchas, plantas e animais desecados.
- Epígrafe 659.4 Comercio polo miúdo de libros.
- Epígrafe 933.9 Outras actividades de ensinanza. Sempre e cando se trate de talleres ou actividades de música, danza, teatro, pintura, debuxo, etc., orientados a adquirir coñecementos culturais.
- Epígrafe 961.2 Dobraxe, sincronización e montaxe de películas o cintas cinematográficas (incluso vídeos) sempre que non se efectúe pola propia empresa produtora.
- Epígrafe 961.1 Producción de películas cinematográficas (incluso vídeos).
- Epígrafe 961.3 Decoracións escénicas para películas ou cintas cinematográficas sempre que no se efectúe por la empresa produtora.
- Epígrafe 962.1 Distribución e venda de películas cinematográficas.
- Epígrafe 963.1 Exhibición de películas e vídeos.
- Epígrafe 963.1 Exhibición de películas e vídeos ao aire libre.
- Epígrafe 963.1 Exhibición de películas e vídeos fóra de establecemento permanente.
- Epígrafe 965.1 Espectáculos en salas e locais.
- Epígrafe 965.2 Espectáculos en salas e locais ao aire libre.
- Epígrafe 965.3 Espectáculos en salas e locais fóra de establecemento permanente.
- Epígrafe 965.4 Empresas de espectáculos.
- Epígrafe 966.1 Bibliotecas e museos.
- Epígrafe 966.9 Outros servizos culturais N.C.O.P.
- Epígrafe 969.1 Salas de baile e discotecas.



- Epígrafe 973.1 Servizos fotográficos.
- Grupo 983 Axencias de colocación de artistas.
- Epígrafe 989.1 Expedición de billetes de espectáculos públicos.
- Grupo 865 Representantes técnicos do espectáculo.
- Grupo 853 Axentes de colocación de artistas.
- Grupo 861 Persoas pintoras, escultoras, ceramistas, artesás, gravadoras e artistas similares.
- Grupo 862 Restauradoras de obras de arte.
- Grupo 882 Guías de turismo.
- Grupo 883 Guías e intérpretes de turismo.
- Grupo 013 Actores/actrices de cinema e teatro.
- Grupo 014 Extras especializados, dobres, comparsas e meritorios.
- Grupo 016 Humoristas, caricatos, excéntricos-as, charlistas, recitadores-as, ilusionistas etc.
- Grupo 018 Artistas de circo.
- Grupo 019 Outras actividades relacionadas co cinema, o teatro, o circo non comprendidas noutras partes -N.C.O.P.-
- Grupo 022 Bailaríns e bailarinas.
- Grupo 029 Outras actividades relacionadas co baile N.C.O.P.
- Grupo 031 Mestres-as e directores-as de música.
- Grupo 032 Intérpretes de instrumentos musicais.
- Grupo 033 Cantantes.
- Grupo 039 Outras actividades relacionadas coa música N.C.O.P.

B) As sociedades de calquera clase do ámbito cultural que teñan a condición de micro empresa incluíndo as sociedades civís, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separados sen personalidade xurídica, legalmente constituídas. En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica deberá nomearse unha persoa representante apoderada, con poder bastante para cumprir os deberes que lle corresponden á agrupación ou comunidade de bens, dada de alta no censo de actividades económicas no termo municipal da Coruña nalgún destes epígrafes do IAE sinalados na letra a) anterior.

Para a definición de micro empresas e pequenas empresas terase en conta o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, así como a definición contida no Real decreto 1515/2007, do 16 de novembro, polo que se aproba o Plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas e os criterios contables específicos para micro empresas.



Estes criterios entenderanse cumpridos por empresas que durante dous últimos exercicios consecutivos pechados reúnan, polo menos, dúas das seguintes circunstancias:

- Que o total das partidas do activo non supere o millón de euros.
- Que o importe neto da súa cifra anual de negocios non supere os dous millóns de euros.
- Que o número medio de persoas traballadoras empregadas durante o exercicio non sexa superior a dez.

C) Poderá participar calquera empresa con establecemento permanente no termo municipal de A Coruña.

En caso de que para o exercicio da actividade non se dispoña de establecemento permanente, que o seu domicilio fiscal estea dentro do termo municipal de A Coruña.

As salas de cine do municipio de A Coruña, poderán participar na campaña do BONO CULTURA, pola súa importancia no sector cultural, aínda que non cumpran os requisitos sinalados na letra A) e B) anteriores.

As persoas beneficiarias quedarán sometidas ás actuacións de comprobación por parte da Intervención do Concello da Coruña, segundo o establecido no título III da Lei 38/2003(LXS) ou ben do Consello de Contas ou Tribunal de Contas, segundo a súa normativa de aplicación; así como aos sistemas de auditoría que implemente a administración municipal para o seguimento e execución deste programa.

2. O incumprimento das obrigas contidas nas cláusulas desta convocatoria e demais normativa de aplicación dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as axudas percibidas, así como os xuros de demora correspondentes, nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003 (LXS) e a súa normativa de desenvolvemento.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 38/2003 (LXS).

4. Ás persoas beneficiarias das axudas desta convocatoria seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 38/2003 (LXS).

8. OBXECTO DO PROGRAMA BONO CULTURA 2023

Os bonos resultantes deste programa Bono Cultura servirán como medio de pagamento para mercar os produtos, bens e servizos culturais, enumerados con carácter excluínte e taxado:

– Libros con contido literario e artístico, ensaio, poesía, novela gráfica, cómic e ilustración e catálogos, así como os xornais e revistas culturais e de divulgación científica, incluso a subscripción destas por períodos equivalentes a duración do programa. **Non terán carácter subvencionable os produtos de papelería, libros de texto, profesional e de estudo e consumibles informáticos.**



- Xogos educativos e videoxogos.
- Música en formato CD e películas cinematográficas en DVD e Blue Ray
- Entradas ás salas de cine
- Adquisicións en galerías de arte
- Entradas para asistir á exhibición dos espectáculos en vivo teatrais, musicais ou calquera outro espectáculo escénico que se represente en espazos pertencentes a establecementos adheridos á convocatoria, con independencia da súa titularidade pública o privada.
- Contratación de espectáculos realizados e prestados por persoas autónomas ou empresas sempre que estean adheridas ao programa, de natureza cultural, incluídos servizos audiovisuais, a consumidores, tanto que se presten en celebracións ou eventos privados ou públicos.
- Actividades e cursos relacionado danza, teatro, música, pintura, etc., que teñan como finalidade adquirir coñecementos relacionados coa Cultura.

O Bono Cultura só será válido nos establecementos e actividades de prestadores adheridos ao programa.

Os produtos que se adquiran a través do bono cultura poderán ser trocados, se a persoa titular do establecemento, ou ben o suxeito prestador o autoriza, por un produto de prezo igual ou superior, e aboará a diferenza a persoa consumidora e titular do bono, pero en ningún caso se poderá solicitar a devolución do valor do bono en cartos en efectivo.

9. OBRIGAS DOS PRESTADORES DE BENS E SERVIZOS CULTURAIS ADHERIDOS

Os prestadores de bens e servizos culturais adheridos á campaña “Bono Cultura” adquirirán as seguintes obrigas:

- a) Aceptar o bono cultura como medio de pago, dos produtos culturais subvencionados, dun 50% sobre a base impositible dos produtos que supoñan un mínimo de gasto igual ou maior de 10 euros (IVE incluído) antes da aplicación do desconto na base impositible ou de 50 euros (IVE incluído) no caso da inscrición en actividades ou cursos dirixidos a obtención de coñecementos culturais.
- b) Comprometerse a recibir e colocar os materiais publicitarios e identificadores do programa, nun lugar visible do establecemento durante a vixencia da campaña e informar de xeito gratuíto as e os beneficiarios.
- c) Dispoñer de teléfono móbil coa aplicación do programa Bono Cultura descargada e dada de alta na aplicación e dispoñer de lector QR nel.
- d) Relacionarse coa entidade colaboradora para verificar o funcionamento da aplicación e os consumos de bonos coa súa correspondente xustificación documental co fin de recibir as liquidacións correspondentes.
- e) Deberá presentar as facturas de venta ou servizos correspondentes, onde detallarán, ademais dos requisitos fiscais, a identificación do destinatario que será o posuidor do bono, o concepto de cada prestación e/ou servizo, o desconto aplicado ao prezo sen IVE, e o IVE



desglosado; coa precisión de que o IVE deberá ser aboado integramente polo consumidor.

f) O emprego dos bonos cultura son compatibles con cantos outros descontos, ofertas ou vantaxes se apliquen por parte dos establecementos por aplicación doutros plans, programas, acontecementos ou calquera outro motivo.

g) O prazo para darse de alta como suxeitos prestadores de bens e servizos culturais, adheridos ao programa Bono Cultura comezará, como sistema de concorrencia non competitiva, desde as 00.00 horas do día 1 de marzo de 2023 e finalizará o día 31 de marzo de 2023 ou ata o esgotamento do crédito destinado a este programa e sempre co límite máximo de 5.000€ por suxeito beneficiario do programa ou inferior en caso de esgotar o crédito orzamentario total, controlado a través de cada CIF ou NIF, segundo corresponda, a través da aplicación móbil (tecnolóxica).

h) Facer constar explicitamente no establecemento adherido ao programa no que se merquen ou consuman produtos ou servizos culturais a imaxe do programa Bono Cultura que poderá ser descargada da páxina web do Concello, na pestana específica do programa. A imaxe mínima que figurará en lugar visible será un cartel A3 co logotipo do programa.

i) Utilizar no exercicio das actividades culturais que se presten unha linguaxe non sexista, unha comunicación inclusiva e non empregar a imaxe das mulleres como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou denigrante, segundo o que dispón o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia sobre igualdade e a Ordenanza de igualdade e diversidade do Concello da Coruña.

j) Manter prezos de mercado dos produtos que ordinariamente viña ofertando nos seus establecementos suxeitos ao programa Bono Cultura ou polos servizos prestados. A alteración de prezos detectada, sen motivos debidamente xustificadas, que supoña un incremento do prezo por riba do mercado dos produtos e servizos culturais, obxecto do programa, determinará a exclusión do programa Bono Cultura por quen incumpra dita obriga, sen prexuízo das obrigas de reintegro e da apertura do procedemento sancionador correspondente, conforme a lexislación xeral de subvencións.

k) Acreditar que se cumpren todas as condicións para ser beneficiaria do programa, incluída a condición de micro empresa, nos termos da cláusula 7.1 letra B).

l) Aportar os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa seguridade social e non ter pendente de xustificación subvencións anteriores prepagables nin de reintegro ningunha subvención con este Concello, nos termos do artigo 13 da Lei xeral de subvencións e normativa de concordante aplicación.

m) Os demais deberes impostos pola Ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, pola Lei xeral de subvencións e polas demais normas reguladoras da materia.

10. PROCEDEMENTO DE LIQUIDACIÓN DOS BONOS RECIBIDOS E CONSUMIDOS POR PARTE DAS PERSOAS E ESTABLECEMENTOS ADHERIDOS Á CAMPAÑA

10.1. A liquidación das cantidades por troco de bonos consumidos será efectuada cunha periodicidade quincenal. Para isto, os suxeitos prestadores de bens, produtos e servizos



culturais, emitiranlle unha liquidación á entidade colaboradora e achegarán a correspondente factura que detallará as operacións realizadas con desglose dos importes efectivamente abonados e os descontos obtidos pola presentación dos bonos.

A entidade colaboradora (Fundación EMALCSA) ingresará as cantidades resultantes no número de conta facilitado por cada suxeito prestador de bens e servizos culturais, adheridos ao programa, previa xustificación documental coas facturas segundo o indicado nesta convocatoria.

Para facilitar os pagos o Concello da Coruña poderá facerlle anticipos das cantidades á entidade colaboradora segundo reflicta o convenio que se asine por ambas as partes.

10.2. Estes pagamentos realizaranse ata o remate da campaña, liquidando todas as cantidades correspondentes aos gastos equivalentes aos bonos consumidos durante a vixencia do programa.

10.3. Documentación que deben presentar as persoas físicas ou xurídicas beneficiarias adheridas ao programa “Bono Cultura”:

- Deberá presentar a factura de venda do produto cultural, prestación do servizo, segundo proceda en cada caso, na que se detallará, ademais dos requisitos fiscais, establecidos pola normativa sobre facturación, o consumidor do produto ou servizo, que será o posuidor do bono, o concepto da prestación realizada, o desconto aplicado ao prezo sen inve; así como o IVE desglosado, debendo ser aboado o IVE, integramente, polo consumidor.

- As ditas facturas deberán ser verificables cos bonos e consumidos, cotexados e cadrados coa información de seguimento e trazabilidade que reportará a aplicación tecnolóxica implantada para a instrumentación técnica do bono.

10.4. A entidade colaboradora, sen prexuízo das facultades da administración municipal, coas asistencia técnicas requiridas, comprobará o cumprimento das obrigas das entidades beneficiarias previstas na cláusula 7, 8 e 9 precedente e nesta mesma.

10.5. A documentación que debe presentar a entidade colaboradora ante o Concello que implanta esta liña de axudas determínase no convenio de colaboración.

11. INSPECCIÓN E INCUMPRIMENTOS

O Concello da Coruña, como responsable do programa, resérvase o dereito de realizar cantas comprobacións, inspeccións e demais medidas de control considere oportunas para velar pola correcta aplicación dos recursos públicos e verificar o correcto desenvolvemento do presente programa de axudas, servíndose dos mecanismos e medios de axuda para o seguimento e control do programa.

Así mesmo, o presente programa queda suxeito ás actuacións de comprobación da Intervención municipal mediante control financeiro e auditorías e do Concello da Coruña e/ou do Consello de Contas, conforme á súa normativa.

No suposto de que se operase algún incumprimento das obrigas establecidas na presente convocatoria por parte dos establecementos adheridos, o Concello da Coruña poderá cancelar a adhesión dalgún establecemento á campaña bono e comunicarlle tal circunstancia á entidade colaboradora, co fin de impedir o uso do bono.



12. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de subvencións, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a descarga da app municipal do programa, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente programa, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento, e será o órgano responsable del o Concello da Coruña.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos rexistrados neste ficheiro mediante unha comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, situado na praza de María Pita, 1. 15001 A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPDGDD Exercicio de dereitos" (xunto coa súa solicitude escrita e asinada deberá acreditar a súa personalidade achegando a fotocopia do DNI). Tamén o poderá facer a través da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>

13. PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, mediante o extracto que abrirá o prazo para adherirse ao programa Bono Coruña, logo da previa remisión á Base de datos nacional de subvencións (BDNS), co contido previsto no artigo 20 da LXS e normativa de desenvolvemento.

De conformidade co artigo 8.1 c) da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as axudas públicas concedidas ao abeiro deste programa publicaranse con indicación do seu importe e persoas beneficiarias no Portal de Transparencia do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal/transparencia>).

14. REVISIÓN DA CAMPAÑA

O Concello da Coruña estudará a implantación e evolución da campaña e poderá aumentar os límites por persoa e suxeito prestador ou mesmo introducir algunhas modificacións no sistema para o bo fin do programa Bono Cultura e acadar a finalidade de distribuír e consumir o importe destinado a esta liña cultural.